



CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000  
Fax: 981 715 028  
concello@ponteceso.gal  
www.ponteceso.gal  
CIF: P1506900H  
REL:01150682  
RELG:MU2000/15

## ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DOCE DE XUÑO DE DOUS MIL VINTE E CATRO

O 12 de xuño de 2024, ás 10:00 h, reuníronse os membros da Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria para os efectos de tratar os asuntos da Orde do día da convocatoria.

### ASISTENTES

Presidente  
José Manuel Mato Martínez

CONCELLEIRAS/OS PRESENTES:  
Constantino Fernández Vila  
Juan Ramón Vidal Torrado  
Raquel Fondo Pérez

CONCELLEIRAS/OS AUSENTES  
María Josefa Álvarez Bugallo

Secretaria: Antía Pena Dorado

O presidente abre a sesión despois de comprobar que existe o quórum que esixe o artigo 90.1 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro.

### 1 Expediente 2024/G006/000020. Proposta de modificación da mesa de contratación de carácter permanente

O alcalde le a proposta.

<< PROPOSTA

Asunto: Modificación da Mesa de contratación permanente para os asuntos de competencia plenaria

1 O artigo 326 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, regula a constitución, a composición e as funcións da mesa de contratación e o apartado 1 da disposición adicional segunda dispón que lles corresponde aos alcaldes e aos presidentes das entidades locais as competencias como órgano de contratación respecto dos contratos de obras, de subministración, de servizos, dos contratos de concesión de obras, dos contratos de concesión de servizos e dos contratos administrativos especiais cando o seu valor estimado non supere o 10% dos recursos ordinarios do orzamento ou os 6 millóns de euros e os contratos de carácter plurianual cando a súa duración non supere os 4 anos coas prórrogas incluídas sempre que o importe acumulado de todas as anualidades non supere nin a porcentaxe do 10% nin a contía dos 6 millóns.

O apartado 2 da disposición adicional segunda da Lei 9/2017 dispón que lle corresponden ao



CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000  
Fax: 981 715 028  
concello@ponteceso.gal  
www.ponteceso.gal  
CIF: P1506900H  
REL:01150682  
REL:MU2000/15

Pleno as competencias como órgano de contratación respecto dos contratos que non están incluídos no apartado 1 que celebre a Entidade Local cando polo seu valor ou pola súa duración non lle correspondan ao Alcalde ou ao Presidente da Entidade Local, de conformidade co apartado 1. Tamén dispón que lle corresponde ao Pleno aprobar os pregos de cláusulas administrativas xerais aos que se refire o artigo 121 desa lei.

2 O Pleno do Concello acordou constituír a Mesa de contratación permanente para os asuntos da súa competencia na sesión do 13 de xullo de 2023. O Pleno do Concello acordou modificar ese acordo na sesión do 10 de agosto de 2023.

3. Agora é preciso modificar a composición desta mesa porque un dos seus membros cesou como funcionario no Concello de Ponteceso o 31.05.2024 ao serlle autorizada unha comisión de servizos noutro Concello.

Polo anterior, propóñolle á Xunta de Goberno Local, que adopte o seguinte ACORDO:

1 Modificar a composición da Mesa de contratación permanente para os asuntos de competencia plenaria, de conformidade coa disposición adicional segunda da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, que pasa a ser a seguinte:

Presidente:

Titular: José Manuel Mato Martínez

Suplente: Constantino Fernández Vila

Vogais:

Primeiro vogal: A/o secretaria/o do Concello de Ponteceso

Suplente: A/o funcionaria/o que legalmente o substitúa

Segundo vogal: A/o interventora/o do Concello de Ponteceso

Suplente: A/o funcionaria/o que legalmente a substitúa

Terceiro vogal: María Julia Ures Villar

Suplente: Fernando Naya Abeleira, funcionario do Concello de Ponteceso

Cuarto vogal: Roberto Alexandre Andrade de Santiago

Suplente: Juan Ramón Vidal Torrado

Secretario: José Manuel Ordóñez Barca, funcionario do Concello de Ponteceso

Suplente: María José Sueiro Pose, funcionaria do Concello de Ponteceso

**2º.-** Publicar o anuncio no BOP para xeral coñecemento e dar cumprimento ao trámite de publicidade

**3º.-** Notificar aos membros da mesa de contratación

**4º.-** Deixar sin efecto o acordo plenario do 10.08.2024

Ponteceso, 4 de xuño de 2024/ O alcalde/ José Manuel Mato Martínez



CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000  
Fax: 981 715 028  
concello@ponteceso.gal  
www.ponteceso.gal  
CIF: P1506900H  
REL:01150682  
RELG:MU2000/15

\*Documento asinado dixitalmente o día e pola persoa que consta na marxe.

Os membros da Xunta de Goberno Local que están presentes aproban a proposta por unanimidade.

## **2 Asistencia e asesoramento á Alcaldía no exercicio das súas atribucións**

Non hai asuntos.

Non hai máis asuntos

O presidente remata a sesión ás 10:30 h e eu redacto esta acta.

O presidente  
José Manuel Mato Martínez

Dou fe. (artigo 3.2 do R. d. 128/2018)  
Antía Pena Dorado

\*Documento asinado dixitalmente na marxe.